

Imos xuntos

Primeiro achegamento das familias
á Atención Temperá



Intervención en Atención Temperá

Intervención en Atención Temperá
Guías para familias de nenos con discapacidade visual

Imos xuntos: primeiro achegamento das familias á Atención Temperá

Primeira edición: xuño de 2021

© **Desta edición:**

Organización Nacional de Ciegos Españoles (ONCE)
Dirección General de la ONCE. Dirección de Educación, Empleo y Braille
Calle del Prado, 24; 28014 Madrid (España)

Edita:

Dirección de Educación, Empleo y Braille. Dirección General de la ONCE

Colaboradores desta guía (Servizo de Atención Temperá do CRE da ONCE en Madrid):

Milagros Boubeta Parcero — Mestra.
Carmen Herrero Menéndez — Psicóloga.
Isabel Herrero Pérez — Trabajadora social.
Pablo Martín Andrade — Mestre.
Julia Martín Cuervo — Mestra.

Coordinador desta guía: Francisco López Montellano, mestre.

Colaboradores da colección:

Pilar Carballo Lado — Pedagoga do CRE da ONCE en Pontevedra.
María Dolores García Payá — Mestra do CRE da ONCE en Alacante.
Francisco López Montellano — Mestre do CRE da ONCE en Madrid.
Montse Morral Subirá — Mestra do CRE da ONCE en Barcelona.
Coral del Pilar Regidor Poyatos — Mestra do CRE da ONCE en Sevilla.

Coordinadora da colección: M.^a Ángeles Lafuente de Frutos, técnica do Departamento de Atención Educativa da Dirección de Educación, Emprego e Braille da ONCE.

Ilustracións de Mariona Coma Segalés.

Deseño e maquetación: Francisco Javier Martínez Calvo.

Recoñecemento-NonComercial-SenObraDerivada · CC BY-NC-ND



Esta licenza Creative Commons permítelle descargar a guía e imprimila para o seu uso persoal, así como compartila con outras persoas, sempre que se recoñeza a súa autoría. Non permite cambiar de ningunha maneira o seu contido nin utilízalo comercialmente.

O material de estimulación que se propón nestas guías foi seleccionado cunha finalidade terapéutica. Dadas as características da poboación á que vai dirixido, para garantir a seguridade e previr accidentes, débese utilizar unicamente baixo a vixilancia e a supervisión dun adulto.

A ONCE adquiriu un compromiso firme na defensa e a aplicación efectiva do principio de igualdade entre mulleres e homes e entende que debe velar polo uso dunha linguaxe non sexista na comunicación interna e externa da Organización. Para iso, tenta recorrer a técnicas de redacción que permitan facer referencia ás persoas sen especificar o seu sexo. Con todo, nos documentos normativos en ocasións é necesaria a utilización de termos xenéricos, especialmente nos plurais, para garantir a claridade, o rigor e a facilidade de lectura, sen que isto supoña unha ignorancia en canto á necesaria diferenciación de xénero, nin un menor compromiso da Institución coas políticas de igualdade e contra a discriminación por razón de sexo.

Índice

Presentación das Guías para familias de nenos con discapacidade visual	4
As guías.....	4
Parece que non me mira... Que ten nos ollos o meu bebé?	5
Información que te pode axudar	6
Como se desenvolve a visión no neno.....	6
A que debes estar atento	6
Vou ser quen de darlle ao meu fillo o que necesita?	7
Que podo facer eu?.....	7
Como podo facelo?	7
Non estades sós	8
E agora que?	9

Presentación das Guías para familias de nenos con discapacidade visual

Tras a análise e a valoración realizados en cursos pasados sobre a situación actual da intervención educativa da ONCE, a través dos seus cinco Centros de Recursos Educativos (en diante, CRE) e os Equipos Específicos de Atención Educativa á Discapacidade Visual, creáronse varias comisións ou grupos de traballo. A comisión encargada da Atención Temperá está composta polos cinco enlaces do Grupo Dinamizador da Atención Temperá da ONCE (Grupo DATO) nos CRE da ONCE e a coordinación deste grupo dende a Dirección Xeral desta Entidade.

Un dos obxectivos que se expuxo dende esta comisión foi elaborar unha serie de documentos, en forma de guías dirixidas ás familias, para acompañar a intervención dos profesionais cos nenos atendidos nos servizos de atención temperá e de apoio á educación infantil. Para iso, contouse coa colaboración dos seminarios para a Atención Temperá en cada un dos CRE.

O obxectivo é contribuír á intervención en atención temperá dos nenos e das nenas con discapacidade visual, ao apoio directo a esta poboación e ás súas familias e como recurso educativo para os seminarios de atención temperá nos CRE, para promover o traballo en rede e a posibilidade de seguir compartindo materiais, documentación e información, sendo un recurso máis de apoio para profesionais. Confiamos en que estas accións de difusión contribúan a visibilizar a Atención Temperá, as necesidades do persoal profesional implicado, o tipo de intervención que debe desenvolverse e os recursos necesarios para facelo.

As guías

As guías que agora presentamos van dirixidas especialmente ás familias, aínda que o seu contido é tamén de interese para os profesionais. Son as seguintes:

- **Guía *Imos xuntos para un primeiro achegamento das familias á atención temperá.*** Esta guía diríxese aos pais de nenos con cegueira ou con deficiencia visual grave, co afán de ofrecerlles apoio dende o mesmo intre en que sospeitan ou reciben a noticia de que o seu fillo padece unha afección visual.

Os profesionais do servizo de Atención Temperá apoian as familias dedicando todo o seu esforzo e experiencia a lograr que se sintan capaces de identificar e de interpretar correctamente os estados emocionais e as necesidades dos seus fillos a través das súas condutas e, así, afrontar a tarefa vital que supón a crianza, con confianza e plena de satisfaccións.

- **Guía de autonomía *Camiñando xuntos.*** Esta guía pretende orientar ás familias e ós profesionais no desenvolvemento dos hábitos na alimentación, o aseo, o vestido e a orde, así como de aspectos relacionados coa mobilidade para favorecer a autonomía en idades de 0 a 6 anos. «Os nenos non terán éxito grazas ao que fagas por eles, senón grazas ao que lles aprendas a facer por si mesmos» (Ann Landers).
- **Guía para a estimulación visual *Mirando xuntos.*** Esta guía vai dirixida ás familias e ós profesionais que interactúan con nenos que teñen un déficit visual grave. Propón un achegamento sinxelo e comprensible aos factores básicos que habemos de ter en conta na evolución do bebé con baixa visión a través de recursos, xogos e elementos básicos que son estimulantes para o resto visual do neno. Este traballo é froito do estudo, a experiencia e a reflexión continuados dos profesionais dos servizos de Atención Temperá da ONCE.

Así mesmo, o obxectivo é dar a coñecer os servizos que ten a ONCE para poder traballar e acompañar as familias neste percorrido, ofrecendo un soporte individual para cada unha delas a través do coñecemento, a observación e o traballo directos co grupo familiar e en particular co seu bebé.


Parece que non me mira... Que ten nos ollos o meu bebé?

Se estás lendo esta guía, é moi posible que te esteas a preguntar pola situación visual do teu fillo. Se cadra xa che dixeron os médicos que ten unha patoloxía visual ou esta resulta evidente; se cadra empezaches a sospeitar que pode ter algún problema visual, aínda que non teñas unha resposta concreta e un diagnóstico. En ambos os casos, entendemos a túa intranquilidade e as dúbidas que che xorden.

É normal que te preguntes «Por que a min?» ou «En que fallei?». Tamén o é cuestionar a veracidade do diagnóstico e que penses que non pode ser, que se equivocaron. É normal que esteas triste e que sintas que esta situación te supera.

É moito o que queres ao teu bebé. Aliméntalo, límpalo, tratas de consolalo... Con todo, sentes que o teu fillo necesita algo máis; é posible que penses que che custa entendelo.

Ilustración 1. Vínculo



Ogallá contes co apoio da túa parella, dos teus pais ou doutros familiares ou amigos; sen dúbida, todos eles son moi importantes. Pero agora, ademais da súa proximidade e dalgúns consellos ben intencionados, pensas que estás a necesitar a alguén que teña experiencia en abordar esta situación e te poida axudar a obter respostas que te axuden a entender mellor o que lle ocorre ao teu fillo.

En definitiva, se tes dúbidas sobre a capacidade de visión do teu fillo, o primeiro é que llo expoñas ao teu pediatra e o leves a un especialista en oftalmoloxía para ter un diagnóstico.

Se ese diagnóstico advirte dalgunha patoloxía, independentemente do grao de visión, que por ser tan noviño o neno aínda non se poderá valorar, tentaremos axudarte.

Información que te pode axudar

Como se desenvolve a visión no neno

Nacemos coa capacidade de «aprender a ver»; o bebé, ao nacer, non ve coma nós. A visión do neonato vaise desenvolvendo, madura e perfecciónase coa experiencia visual que se adquire durante os primeiros anos de vida.

A que debes estar atento

Os nenos con discapacidade visual teñen as mesmas necesidades básicas que os demais. Necesitan sentir afecto, recibir estímulos e ter oportunidades de aprender cousas do mundo que os rodea. A participación da súa familia no seu proceso de desenvolvemento é fundamental.

Velaquí algunhas indicacións que vos poden ser de utilidade.

- Todos os nenos necesitan sentir preto aos seus papás. O neno cego ou con deficiencia visual necesita escoitar as voces familiares; estas son referencias para o bebé.
- Estaremos atentos a cando o neno estea esperto, procuraremos estar con el manténdoo activo con xogos, cancións etc.
- É habitual que o neno cego ou con deficiencia visual oriente o oído cara á persoa que fala para atender, quedando a súa cara para un lado. Non te preocupes se isto acontece nos primeiros momentos.
- Como todos os bebés, os nenos cegos necesitan ser collidos en brazos, para que perciban as sensacións do seu propio corpo en contacto co do adulto que o coida. Isto dálle seguridade.
- Aínda que el permaneza inexpresivo, está expectante e desexando sentir a nosa voz e as nosas caricias. Falarémoslle do seu corpo mentres lle tocamos as mans, a cara, os pés etc. Podemos usar cancións, ladaíñas para acompañar.
- Como pasa con calquera neno, falaremos de canto ocorre ao seu ao redor e anticiparémoslle verbalmente o que imos facer a continuación.
- Os nenos con cegueira ou deficiencia visual necesitan máis tempo para entender o que lles rodea e para comprender o que lles propoñemos. Non debemos angustiarnos se as súas respostas non se producen cando e como as esperamos.

Vou ser quen de darlle ao meu fillo o que necesita?

Que podo facer eu?

Se es capaz de atender as necesidades primarias do teu fillo —alimentalo, coidalo e protexelo— e, ademais, coñeces a importancia que ten o xogo para o seu desenvolvemento, tes todo o que necesitas para cumprir coa túa misión.

Os primeiros xogos co voso fillo serán similares aos que se realizan con todos os bebés. Neles interveñen o movemento e os sentidos. Arrolar, acariñar, cantar e facer carantoñas contribúen a gozar e a aumentar o afecto mutuo.

Como podo facelo?

- Ao neno que orienta o seu oído ao interlocutor, aos poucos estimularáselle para que dirixa o seu cariña á persoa que fala, como é habitual.
- Achegaremos os xoguetes á súa man para que ao contacto a abra e os agarre. Amosarémosche nese momento como movelo. A linguaxe debe estar sempre presente nos xogos.
- Deixa que o neno actúe poñendo á súa man aquilo que poida alcanzar en por si (chupete, biberón, culler, xoguetes...).
- Procuraremos que o seu espazo non estea asolagado de xoguetes para axudarlle a centrar a atención no que está a facer coas súas mans.
- Poñeremos atención en que poida divertirse con experiencias variadas na vida cotiá, dentro e fóra do fogar (no baño, no xardín ou no parque etc).
- Daremos ao neno a oportunidade de equivocarse para que poida aprender coa experiencia, xa que, doutro xeito, a súa aprendizaxe sería moi dirixida e coartaría a súa iniciativa.

Ilustración 2. Colaboración cos profesionais da Atención Temperá



Non estades sós


Posiblemente teñas moitas dúbidas e inquietudes sobre o desenvolvemento e as condutas do teu fillo con discapacidade visual, e sintas que necesitas axuda de especialistas que te escoiten e te apoién.

Estas accións desenvólvense a través do Servizo de Atención Temperá dos Centros de Recursos Educativos da ONCE ou dos Equipos Específicos de atención á Discapacidade Visual repartidos por todo o territorio nacional. A ONCE mantén acordos de colaboración coas administracións autonómicas para a atención destes nenos.

CRE da ONCE en Alacante	965 267 000
CRE da ONCE en Barcelona	932 381 111
CRE da ONCE en Madrid	913 535 600
CRE da ONCE en Pontevedra	986 856 200
CRE da ONCE en Sevilla	954 989 311

Estes servizos de Atención Temperá están formados por distintos profesionais especialistas, cada un deles cunhas funcións diferentes; fundamentalmente son psicólogos, traballadores sociais e mestres. A súa acción conxunta proporciona a atención específica que necesitan os nenos e as súas familias.

Ilustración 3. Estimulando a percepción visual



O obxectivo da Atención Temperá en xeral é favorecer o desenvolvemento óptimo do neno. No caso do neno con discapacidade visual, axudaráselle a buscar estratexias que favorezan alcanzar un mellor funcionamento visual que compense a deficiencia. Na consecución deste obxectivo, a familia, que é quen mellor coñece aos seus fillos, ten o papel fundamental; pero podeades apoiarnos nos profesionais de Atención Temperá que contan coa formación e a experiencia acumulada ao traballar con outros nenos que tamén teñen discapacidade visual.

E agora que?


Agora iníciase o dilatado proceso cara á súa independencia. Teremos que axudarlle a crecer nun sentido amplo, o que inclúe a aprendizaxe continua de novas habilidades e destrezas que faciliten o desenvolvemento da súa intelixencia e lle permitan vivir en sociedade. É un longo camiño no que en ocasións se requirirá ensinarlle doutra maneira, pois a súa percepción dos obxectos e do mundo estará condicionada polo seu grao de visión, polo que en xeral acadarán unha maior relevancia o sentido do tacto e o oído á hora de adquirir coñecementos.

Ilustración 4. Crianza compartida



Xuntos imos axudar ao teu fillo no seu proceso de desenvolvemento para que alcance todos os retos que están por chegar: comunicar, xogar, comer só, camiñar, compartir con outros nenos e seguir aprendendo.

Ilustración 5. A familia é o apoio do bebé



Medrar é apaixonante... Adiante!



Intervención en Atención Temprá

